

## **Paremos a privatización das nosas rúas: O Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico, Albino Vázquez Aldrey, minte.**

O concelleiro asegurou que nin coa ordenanza actual, vixente dende xaneiro de 2008, nin coa aínda máis restrictiva que o Concello vén de aprobar o xoves 31 de maio, se lles ía cobrar por realizar as actividades que lles son propias ás entidades sen ánimo de lucro nin ás asociacións veciñais. En concreto, o señor concelleiro dixo que “xa non pagan taxas, e así seguirá sendo, porque esa cuestión non se modificará”. Porén, o Concello de Santiago xa está a cobrar taxas ás asociacións culturais e veciñais da cidade, aplicando coma nunca antes a ordenanza de 2008.

O pasado 11 de maio, o Cineclube de Compostela solicitaba permiso do Concello para a utilización da Praza da Oliveira os martes do mes de xuño, de cara a realizar un ciclo de cinema feminista gratuíto na rúa xunto coa Rede Feminista Galega. Case 20 días despois, a Concellaría de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico, que dirixe o señor Vázquez, aprobaba o uso da praza, pero esixindo o pagamento previo dunha taxa de 405,52 euros por día, en virtude dunha ordenanza do 2008 que regula cuestións como a instalación de postos de artesanía, as rodaxes cinematográficas, os grandes espectáculos ou as atraccións. Cun total reclamado de 1622,08 euros, o Concello tenta imposibilitar pola vía económica a actividade, situando o uso do espazo público a un prezo máis elevado ca o marcado pola especulación para os alugueiros dos locais privados.

Así, o Concello de Santiago a través da concellaría que dirixe o señor Vázquez Aldrey pretende silenciar unha actividade na que a Rede Feminista Galega e o Cineclube de Compostela ofrecen ás veciñas e veciños a posibilidade de achegarse á historia das mulleres galegas durante o franquismo ou á memoria da explotación das traballadoras das conserveiras en Galiza.

A aplicación arbitraria da Ordenanza vixente faise visible en que o pasado ano aproximadamente nestas datas o Cineclube de Compostela realizou un ciclo de cinema gratuíto na rúa sen que o Concello, utilizando a mesma normativa, lle solicitase namais que unha comunicación de uso do espazo público. Sabemos que non somos os primeiros en sufrir esta retorta estratexia da administración municipal. Antes ca nós, outras organizacións políticas, culturais e veciñais, especialmente desde a formación do novo goberno, viron dificultadas ou imposibilitadas as súas actividades a través da petición de fianzas, da imposición de multas ou da negación de permisos para o uso do espazo ou da rede eléctrica. E, contra o que reiteradamente afirma o concelleiro Albino Vázquez, estes impedimentos estáanse a dirixir principalmente contra asociacións sen ningún ánimo de lucro, nun plan que ten como último movemento a aprobación o pasado xoves dunha nova Ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións da vía pública.

Durante esta aprobación sabemos que o señor alcalde, os señores concelleiros e edís pasaron moita calor porque preferiron non conceder a palabra ás veciñas e veciños de Compostela e pechar as fiestras para non escoitar as protestas que esta nova ordenanza provocou xa que esta norma rouba e privatiza completamente o uso das rúas, dado que só se lles permitirá a aqueles que poidan pagar as taxas e conten co visto e prace ideolóxico do goberno de turno.

Unha vez máis, a exclusión é o obxectivo principal do capitalismo organizado no goberno da nosa cidade, que só parece querela poboada por turistas, pedras, cruces e grandes espectáculos que exclúen o contido cultural e formativo que moitas asociacións desta

cidade desenvolven dende hai anos. Á exclusión das 20.000 persoas que viven por baixo do limiar da pobreza, das inmigrantes, das habitantes do rural, das músicas da rúa, de tantas e tantas veciñas, súmase agora a dun tecido asociativo que está a realizar a programación que debera ser responsabilidade da administración pública. Unha vez inaugurada unha Cidade da Cultura a medida, seica o seguinte paso da súa política é expulsaren a cultura da cidade.

As persoas que habitamos Compostela non podemos permitir este novo paso na escalada privatizadora dunhas rúas e prazas que son propiedade de todas. O Cineclube e a Rede Feminista xa están a recorrer a imposición das taxas e fan un chamamento a participar en todos os actos programados contra a nova ordenanza e contra calquera outro ataque arbitrario da administración municipal á actividade dos colectivos da cidade. A rúa é nosa e se non nos deixan usala teremos que tomala. O noso ciclo de cinema continúa cada martes de xuño, ás dez da noite na praza da Oliveira. Ao tempo, convocamos, sumándonos aos colectivos que participan das asembleas en resposta a esta ordenanza privatizadora das nosas rúas, a ocupar os venres de xuño, de seis a oito da tarde, a praza do Toral con mesas informativas sobre as súas actividades. Ese tempo de xuntanza aproveitárase tamén para expoñer e visibilizar a represión das administracións públicas contra os colectivos sociais e culturais desta cidade.

En Compostela a 6 de xuño de 2012.

Rede Feminista Galega / Cineclube de Compostela